

Vicepresidencia investirá 5,6 millóns de euros ata o 2013 en accións para a integración social do pobo xitano de Galiza

## Axudas para a integración

O Plan Integral para a convivencia e o desenvolvemento social do Pobo Xitano de Galicia, que conta cun orzamento que supera os 800.000 euros este ano e que, de aquí ao 2013, suporá un investimento mínimo de 5,6 millóns de euros, ten como obxectivo converterse nun instrumento específico que ten como meta a normalización das condicións de vida das xitanas e xitanos de Galiza, mellorando a súa incorporación efectiva aos servizos da sociedade do benestar, canalizando o desenvolvemento da súa propia identidade cultural



Este plan, que conta cun orzamento de 181 millóns de euros, foi presentado recentemente polo vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana.

onde a vivenda e o hábitat presentan niveis elevados de degradación. Dixo que as situacións de exclusión residencial extrema e infravivenda non poden ser abordadas como meros problemas de aloxamento. "Precisamos amplitude de miras. Son, en realidade, a expresión máis dramática da exclusión e a desigualdade, implican novas trabas á integración social e deixan ver que existe detrás un contexto máis amplo de carencias, unha situación cronificada de pobreza e exclusión", engadiu.

Tamén sinalou que de nada serve resolver problemas como o da infravivenda en determinados colectivos se non se asegura que a familia que a habita sexa capaz de mantela económica e fisicamente, se esa familia non está plenamente integrada na comunidade como cidadáns con plenos dereitos e deberes.

**E**ste plan, que foi presentado a finais do mes de setembro polo vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, recolle e proxecciona un catálogo de accións medibles en áreas tan importantes como os servizos sociais, o acceso á vivenda normalizada e a erradicación do chabolismo, a sensibilización social, a igualdade de xénero, ou o acceso ao emprego e aos recursos educativos.

Este plan está integrado no II Plan de Inclusión que conta cun orzamento de 181 millóns de euros ata o 2013, e que pretende dar un novo impulso á integración das políticas activas en favor das persoas máis vulnerables.

A Vicepresidencia decidiu, por primeira vez neste ano, incluír as actuacións que desenvolven os concellos, e que son obxecto de financiamento polas tres administracións, nunha convocatoria de subvencións pública e aberta á que tiveron acceso todos os



**A partida autonómica experimentou este ano un incremento do 90%, pasando dos 166.583 euros en 2006 a máis de 320.000 euros, o que sitúa o orzamento global nos 669.124 euros.**


concellos galegos.

Ademais, o vicepresidente dixo que mentres que os fondos estatais para este fin seguen concelados, a partida autonómica experimentou este ano un incremento do 90%, pasando dos 166.583 euros en 2006 a máis de 320.000 euros, o que sitúa o orzamento global nos 669.124 euros.

**Vivenda digna**

No marco do Seminario sobre vivenda e comunidade xitana, Quintana referiuse á interrelación acadada entre a Vicepresidencia e a Consellería de Vivenda na elaboración de propostas destinadas a promover liñas de erradicación do chabolismo nas comunidades xitanas.

O vicepresidente aludiu a un Informe do Valedor do Pobo que refire que unha de cada tres persoas de etnia xitana habitan en contornos



O acceso aos recursos educativos é unha das medidas que se recolle neste plan.